

AS FUNCÍONS SOCIAIS DA LINGUA.

- **Contacto lingüístico**: encontro de dúas ou máis linguas nun mesmo espazo xeográfico. Este feito ten repercusións no ámbito social, cultural, individual e psicolóxico.

- **Bilingüismo**: é unha consecuencia directa do contacto de linguas. Podemos diferenciar entre o **bilingüismo social** (coexistencia de dúas linguas nun mesmo territorio ou comunidade, onde os falantes utilizan ambas linguas, aínda que no todos os seus membros sexan bilingües) e o **bilingüismo individual** (capacidade dunha persoa para utilizar dúas linguas de forma indistinta e con fluidez, ben coa mesma competencia ou unha moi parecida).

BILINGÜISMO E DIGLOSIA

Os factores que debemos ter en conta á hora de describir unha situación de bilingüismo social son de tres tipos:

1) Factores demográficos:

- O **número de falantes de cada unha das linguas**, co obxectivo de comprobar cal é a maioritaria e cal a minoritaria.
- A **distribución xeográfica dos falantes** ao longo do territorio. Resulta relevante comprobar se están concentrados ou dispersos, así como se predominan en zonas urbanas ou rurais (as cidades convértense normalmente en modelos lingüísticos).

2) Factores de status: (político, simbólico, social e de prestixio internacional).

- O **status político** refírese á oficialidade das linguas, desde un punto de vista lexislativo.
- O **status** simbólico indica se as linguas son ou non recoñecidas como linguas nacionais polos seus falantes, é dicir, se funcionan como elementos identitarios.
- O **status social** fai referencia ao lugar que ocupan os distintos grupos de falantes na sociedade.
- O **status económico** depende do poder económico dos diferentes grupos lingüísticos.
- O **prestixio internacional** vén marcado pola presenza das linguas máis alá das fronteiras da sociedade analizada.

3) **Factores de apoio institucional**: podemos diferenciar entre apoio oficial (institucións públicas) e apoio informal (o que corresponde aos ámbitos da industria, comercio, relixión e cultura).

A análise global destes tres factores permite valorar a vitalidade de cada unha das linguas implicadas, de xeito que poidamos distinguir cal delas é a lingua dominante (lingua alta) e cal a dominada (lingua baixa). **As situacións de bilingüismo social supoñen sempre unha relación de desequilibrio lingüístico** máis ou menos estable.

Nunca vai haber unha sociedade na cal todos os seus individuos empreguen dúas ou máis linguas nos mesmos contextos e coa mesma finalidade. Este fenómeno é a **diglosia**: situación dun individuo ou comunidade que utiliza dúas linguas, cando unha das cales, polo xeral a lingua inicial, é considerada inferior á outra, e a lingua con máis prestixio se utiliza nas relacións sociais máis elevadas ou formalizadas.

No concepto de **diglosia clásica**, acuñado por Ferguson:

- A lingua dominante (lingua alta) é usada só nas situacións formais.
- A lingua dominada (lingua baixa) é usada só nas situacións informais.

Este concepto de diglosia clásica acabouse ampliando a:

- A lingua dominante (lingua alta) é usada polas clases sociais altas.
- A lingua dominada (lingua baixa) é usada polas clases sociais baixas

En calquera dos dous casos estamos ante situacións relativamente estables. Non obstante, cando esta estabilidade diglósica se altera e unha das linguas se introduce nos ámbitos reservados tradicionalmente á outra, pasamos a falar de conflito lingüístico. Podemos definir o **conflito lingüístico** como a disputa entre dúas linguas por desempeñar todas as funcións posibles nun mesmo territorio. Este é unha situación provocada polo contacto de linguas nun mesmo espazo xeográfico.